

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 20 de ABRIL DE 2018**

Orde do día da sesión Plenaria extraordinaria que terá lugar o venres, 20 de abril de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

1.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para cofinanciar a reforma e conservación da cuberta e estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor.

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 20 DE ABRIL DE 2018**

CONCORRENTES

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS

PP

D^a PATRICIA BLANCO FIDALGO

PSOE

D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

PP

D^a CLAUDIA DELSO CARREIRA

MAREA ATLÁNTICA

D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO

MAREA ATLÁNTICA

D. MANUEL DIOS DIZ

COMPOSTELA ABERTA

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO

PSOE

D^a ROCÍO FRAGA SÁENZ

MAREA ATLÁNTICA

D^a. M^a ÁNGELA FRANCO POUSO

BNG

D^a ROSA GALLEGU NEIRA

PP

D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO

PP

D^a SUSANA GARCÍA GÓMEZ

PP

D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES

PSOE

D. ANGEL GARCÍA SEOANE

ALTERNATIVA VV.

D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS

PP

D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

PSOE

D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

PP

D^a INÉS MONTEAGUDO ROMERO

PP

D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN

BNG

D^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ

PP

D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS

PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO

PSOE

D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsanse os Sres. García García e Regueira Varela.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le o asunto incluído na orde do día, en relación ao cal, por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

1.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA COFINANCIAR A REFORMA E CONSERVACIÓN DA CUBERTA E ESTRUCTURA METÁLICA DAS BANCADAS DO ESTADIO DE RIAZOR.

Sr. Soto Vivero

Bo día a todos e a todas, traemos aquí unha proposta de convenio de colaboración co Concello da Coruña para levar a cabo que vai cofinanciar unha obra de rehabilitación dunha das estruturas do estadio, o que ten que ver coas bancadas, e un convenio que leva unha cantidade de un millón de euros que cofinancia unha obra que alcanza unha cantidade de sete millóns de euros unha vez que foi licitada e foi adxudicada, a obra e máis o proxecto de execución.

O convenio o que financia é a obra, o proxecto queda fóra do alcance do convenio. Entendemos que é un convenio moi beneficioso para o conxunto da provincia, no sentido de que creo que non é necesario que faga eu aquí mención do motor económico que supón, basicamente para a cidade da Coruña, pero tamén para a provincia, unha institución como o Deportivo da Coruña. Entendemos que neste caso cómpre que esta institución poña o seu gran de area para levar a cabo unha obra que entendemos que é de certa urxencia, temos visto non hai moitos meses como outra entidade, tamén Sociedade Anónima deportiva do noso país, se veu obrigada a suspender un partido que por non ter en condicións axeitadas a Administración que xestiona ese estadio, por non ter en condicións axeitadas esa infraestrutura pasar polo trago de ter que suspender un partido da primeira división, entendemos que non debería de ter que pasar isto tampouco no Concello da Coruña.

Neste sentido entendemos que este convenio é positivo, tanto para a Deputación como para o Concello da Coruña, como para a institución que utiliza o Estadio de Riazor, como tamén para a cidade da Coruña.

Este convenio leva integrado en si unha serie de contraprestacións que ten que levar a cabo o Concello a prol dos intereses da Deputación, que sería permitir que se celebre no Estadio de Riazor a final masculina e feminina da Copa Deputación da Coruña, en segundo lugar poñer a disposición da Deputación provincial 1.000 entradas para colectivos desfavorecidos ou nenos e nenas que estean federados como practicantes de fútbol base, para poder acudir ao evento municipal do Trofeo Teresa Herrera de fútbol. En terceiro lugar proxectar vídeos divulgativos e informativos da provincia da Coruña e dos seus concellos nos paneis electrónicos do estadio, de acordo co seguinte criterio, un anuncio con son de vinte segundos na previa do partido ou no descanso, oito anuncios sen son de oito segundos, catro na primeira parte e catro na segunda parte, do dito partido. En cuarto lugar, permitir a celebración nas instalacións deportivas dun campus de fútbol anual, e finalmente, no caso de que no prazo de trinta anos contados desde a acta de recepción das obras obxecto deste convenio, se a xestión do inmovible dera lugar a ingresos municipais extraordinarios e vinculados a este, a Deputación poderá participar nos devanditos ingresos na proporción que representa a achega provincial sobre o valor actual do inmovible ata o seu importe máximo. Nese sentido entendemos tamén que ese convenio pode repercutir para incluso os intereses económicos propios de cara á Deputación da Coruña.

Sr. Díaz Grandío

Bo día, quería ser breve na miña intervención, simplemente quería facer esta intervención, non só para amosar o apoio a este convenio, senón tamén para agradecer ao Grupo de Goberno e aos servizos da casa a boa disposición para ir solucionando e adoptando o camiño máis correcto coas diferentes variantes que nos fomos atopando á hora de levar a cabo este gran proxecto, un gran proxecto complexo e icónico, sobre unha instalación municipal do impacto que ten o Estadio municipal de Riazor.

A aposta da Deputación por colaborar economicamente no proxecto de reforma das cubertas de Riazor é unha aposta por unha entidade e un sentimento que representa a moito máis ca cidade da Coruña, esta marcha a unha escala moito máis alá dos límites municipais, e algo que é moito máis ca súa afección e a todo o impacto económico que todo este club deportivo e esta instalación xera.

Pero cremos tamén que é a maneira na que se deben de facer as cousas, e aquí xa falo da relación entre institucións, na que temos que resaltar permanentemente a vía do diálogo e a cooperación que se abre entre o Concello da Coruña e esta institución, a Deputación da Coruña, que contrasta efectivamente con outro emprego das institucións ás que estamos afeitos para a loita partidaria e tomar decisións transcendentais da forma máis opaca posible.

Simplemente reiterar o noso apoio ao convenio, agradecer de novo o traballo, non só ao Grupo de goberno, senón tamén aos servizos da casa, e desde logo,

apostar por este proxecto importante, de calado, complexo, icónico, para unha instalación municipal de relevancia provincial. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Bo día e moitas grazas, vou empezar polo final, pola opacidade, porque que a Marea Atlántica fale de opacidade cando lle ocultan ata o presuposto ao Grupo maioritario da oposición, as ordenanzas fiscais, os modificativos, que os pactan con outros Grupos sen ensinar nin un papel, á parte de que non vén a conta aquí, como acostuman a dicir eles, creo que non son os máis indicados.

Imos votar a favor, evidentemente, deste convenio pola urxencia que ten a obra, porque está no orzamento municipal a achega dun millón de euros por parte da Deputación, que non poñan máis escusas para non empezar esa obra. Non entendemos moi ben a convocatoria dun Pleno extraordinario, porque é verdade que hai meses que se anunciou esta achega, de feito vai no orzamento municipal, como xa dixeran, e como sempre, todo o que depende do Concello da Coruña tráese tarde, mal e arrastre. O Deportivo, xa o dixo o deputado, é emblema da cidade, e a cuberta cae, e gustaríame poñer que é necesaria, urxente, urxentísima, non urxente, a reparación da cuberta, pero si poñer en antecedentes a este Pleno do que pasou ata aquí.

En 2015, nós, o Partido Popular, deixamos asinado un contrato formalizado para o cambio da cuberta. A Marea Atlántica decidiu por capricho, dixémolo no seu momento, e cualificámolo incluso como estafa ao deportivismo, anular ese contrato, con todos os informes desfavorables, incluso un informe pedido polo propio alcalde á Universidade, no que di que o contrato é perfectamente viable e que se pode executar, simplemente que a oferta gañadora presentou unha baixa, presentou un prezo, dixo que podía facer a obra, e logo solicitou renunciar a ese contrato. Non se lles esixiu indemnización e aquí non pasou nada.

Si pasou, as consecuencias que isto tivo é que, por desgraza, dígolle ao deputado que saímos nos telexornais porque se tivo que anular un partido de liga, o 3 de febreiro de 2017, anulouse un partido de liga, saímos en todos os telexornais nacionais, porque o Concello da Coruña sempre sae nos telexornais na páxina de sucesos e escándalos, nada máis. Caeu parte da cuberta ao campo e parte da cuberta á rúa, non pasou unha desgraza por sorte, 2017, dous anos despois, cando esa obra tiña que estar rematada ou practicamente rematada. Houbo que suspender un partido de liga, como xa dixeran, e a día de hoxe seguimos sen cuberta. Licitouse un contrato novo, adxudicouse, no sei se formalizou, pero ben, agora xa non teñen máis escusas, o que teñen que facer é empezar xa a obra e rematala antes de que empece a tempada, desde logo, se non o fan, agora xa non vai ser culpa de ninguén máis ca do Goberno municipal. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día, sobre o que comentaba a compañeira do Partido Popular en canto á urxencia do Pleno, por todos os presentes aquí é coñecido que a urxencia vén motivada pola necesidade de iniciar os traballos canto antes, dado os prazos de

execución da obra e para que estes interfiran o menos posible no desenvolvemento da actividade deportiva, sobre todo de cara ao inicio da Liga do ano que vén.

Está claro que é unha infraestrutura municipal que trascende o ámbito municipal, o ámbito territorial do Concello da Coruña e que afecta a toda a provincia, e que todos os partidos albergan a miles de persoas de distintos puntos da provincia do Estado español e, polo tanto, desde ese punto de vista, entendiamos que ademais a excepcionalidade, que dá forma ao que é o convenio nominativo, estaría garantida, ademais de que, como comentaba antes o deputado responsable da área, é importante deixar claro que é un dos primeiros convenios que asina esta Deputación, no que hai unha contrapartida para a institución provincial, desde a proxección na pantalla do Estadio de distintos anuncios, xa non só da Deputación, senón tamén dos propios concellos da provincia da Coruña, a reserva de mil entradas para persoas e rapaces desfavorecidos da provincia e para poder acceder ao torneo Teresa Herrera, tamén para o desenvolvemento de distintas actividades deportivas que teñen que ver coa Deputación, desde Campus deportivos, etc., ou no caso de que nos trinta primeiros anos se recibira algún tipo de ingresos por parte do Concello da Coruña a Deputación provincial participaría na porcentaxe da achega que realizamos dentro deses ingresos. Polo tanto, repito, é importante que quede constancia de que é un dos primeiros convenios que asina esta Deputación que ten unha contrapartida para a institución provincial, ademais de que con iso conseguimos, como digo, mellorar unha instalación deportiva a que acoden cidadáns de toda esta provincia e garantir a súa seguridade, polo tanto tamén é de agradecer a boa vontade de todos os Grupos da Corporación en canto ao sentido do seu voto na aprobación deste convenio. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Grazas, presidente, simplemente unha pequena quenda de réplica. Desde logo, se nos queren acusar de ser culpables de traer as cicloxéneses explosivas á cidade así o fagan, e desde logo estamos ben orgullosos de non saír nos telexornais abrindo as noticias con noticias nefastas como fai o seu Partido, aí temos incluso aperturas de telexornais do voso Partido a nivel municipal, coa Pokemon ou cos títulos, non da Champions League, nin da Liga, senón os títulos que non son títulos dos vosos compañeiros de Partido.

Simplemente, sempre dicimos que nos gusta deixar o debate municipal onde ten que ser, pero entendo que teño que dar unha moi breve resposta ás cuestións que comentou a deputada Rosa Gallego.

Desde logo o Partido Popular desde que está no Concello só se preocupa dunha cousa con respecto ao Deportivo da Coruña e á instalación municipal do Estadio de Riazor que foi no seu momento repartir eses carteis co lema, "equipo de primeira, alcalde de segunda", ese foi o seu labor de traballo durante estes catro anos, como recordará a deputada e tamén concelleira de goberno no Concello da Coruña, de goberno non, xa lle gustaría, perdón. O que supoñemos é que non quere recordar, pero lamentablemente tivemos que vivir un proxecto errado, calculado á baixa que non resolvía as evidentes eivas que ten a instalación municipal na súa cuberta e que, realmente, cando tiveron momento para facelo, non fixeron o que tiñan que facer para mellorar as condicións do Estadio.

Nada máis, reiterar de novo o agradecemento a este equipo de goberno desta Deputación da Coruña, e de novo aos servizos da casa por poder sacar adiante en tempo e forma este convenio. Grazas.

Sr. Presidente

Simplemente unha mínima intervención para dar as grazas a todos os Grupos da Corporación polo apoio a esta iniciativa que xorde, principalmente gustaríame aclaralo, unha vez acreditada por parte deste Goberno a petición, instancia do alcalde da Coruña, da necesidade desta achega provincial para poder facer realidade esas obras de rehabilitación desas cubertas de Riazor.

Unha vez constatadas polos servizos económicos e Intervención que non habería posibilidade interna no Concello da Coruña de facer esa achega con fondos propios, por dificultades, máis que de non existencia de recursos económicos, máis ben de dificultades técnico presupostarias, obrigou a esta casa, e quero agradecer enormemente o inmenso esforzo que fixeron o Servizo de Intervención, Servizo de Patrimonio e Contratación, que liderou este proxecto, entre Luis Jaime e o interventor, e tamén loxicamente o traballo de Secretaría. Grazas a todos os servizos, creo que o investimento en Riazor, non vou incidir máis nela, o impacto socioeconómico que ten, non só para a cidade, senón para a provincia, foi remarcado tamén polos portavoces en xeral. En calquera caso remarcar que as contraprestacións, algunha delas pódese avaliar economicamente en máis de 100.000 euros anuais, como é o caso dos anuncios publicitarios en Riazor, e aproveitando a ocasión para ofertar a calquera Concello da Coruña que queira publicitar neses espazos, cuns mínimos, loxicamente, de calidade neses anuncios, á parte do espazo que se reserva a Deputación, ten unha valoración económica que ao longo dos dez anos de vida do convenio supera a achega que fai a Deputación. Polo tanto, quero agradecer tamén neste punto a actitude do Deportivo que consciente da necesidade de ter un estadio en condicións para os seus afeccionados e afeccionadas, aceptou todas as condicións, as catro condicións que lle puxo a Deputación para asinar este convenio, das cales dúas xa están cumpridas, e esta que ten digamos que un impacto económico, porque os espazos que ocupa a Deputación e os seus Concellos non o van ocupar outros anunciantes, polo tanto, ten un impacto económico claro nas propias contas do Deportivo, agradecerlle o esforzo que fai a entidade e a conciencia que ten das dificultades que ten para nós facer unha achega tan enorme, ou tan importante, cando non estamos habituados a facelas. Polo tanto, moitísimas grazas a todos os Grupos e, sobre todo, aos servizos técnicos da casa polo labor feito. Moitas grazas.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobado o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para cofinanciar a rehabilitación da estrutura e cuberta do estadio de Riazor, cunha achega provincial de 1.000.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/342/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 14,31409% con respecto a un orzamento de 6.986.125,79 euros.

3º.- Condicionar a eficacia do convenio ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Entrada en vigor do expediente de modificación de crédito 2/2018.
- Aprobación do proxecto de execución coas adaptacións formuladas pola Deputación.
- Aprobación do proxecto técnico definitivo polo órgano municipal competente.

As condicións expresadas acreditaranse documentalmente e previo informe do Servizo de Patrimonio e Contratación, e aprobaranse por resolución da Presidencia.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA REFORMA E CONSERVACIÓN DA CUBERTA E ESTRUCTURA METÁLICA DAS BANCADAS DO ESTADIO DE RIAZOR

Na Coruña, _____, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Valentín González Formoso

E doutra parte D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde Presidente do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das súas facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

O Estadio de Riazor é unha instalación deportiva, de titularidade municipal cuxos terreos foron adquiridos en virtude de contrato de compravenda do 3 de xullo de 1940. O Estadio foi inaugurado o 29 de outubro de 1944, cun custo das obras de 5.000.000 pts (30.000 euros). Ten unha capacidade para máis de 32.000 espectadores. Neste estadio desenvólvense os partidos oficiais e amigables do equipo de primeira división da cidade, o Real Club Deportivo de La Coruña, fundado en 1906.

Este estadio conta cunha gran tradición deportiva nacional e internacional, pois nel desenvólvense, a nivel de selección, cinco encontros de carácter internacional, dos cales catro foron amigables e un de competición oficial.

Foi unha subselección do campionato mundial de fútbol de 1982, onde se disputaron 3 encontros, e escenario dunha final de copa (tempada 1946-1947)

É sede dos prestixiosos trofeos Teresa Herrera, Juan Acuña, etc. Así mesmo realizáronse importantes eventos musicais.

O estadio tivo diversas remodelacións en 1982, 1996, 2015 e 2016, se ben estas dúas últimas foron de carácter menor en comparación coas anteriores e correron a cargo do club concesionario da devandita instalación en cumprimento co estipulado no convenio, que máis adiante se indica.

O Pleno da Corporación Municipal da Coruña en sesión celebrada o 15 de setembro do ano 2000, aprobou a formalización dun convenio entre o Concello da Coruña e o Real Club Deportivo de La Coruña S.A.D para a utilización das instalacións de Riazor.

O convenio formalizouse o 7 de agosto do ano 2000. É un convenio que rexe as relacións do concello como propietario do recinto e do Real Club Deportivo de La Coruña S.A.D como sociedade detentora do seu uso. O convenio ten unha vixencia de 25 anos.

O convenio establece que *"o Deportivo asumirá os custos económicos derivados da conservación e do mantemento das instalacións (...) coa excepción do mantemento das estruturas metálicas e das cubertas das diferentes bancadas do estadio, que dadas as características especiais do seu mantemento serán por conta do Concello"*.

O 28 de xuño de 2017 asínase unha ADDENDA ao convenio referenciado, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 30 de xuño de 2017.

O tempo transcorrido, a exposición á proximidade do mar e os fortes temporais produciron fortes danos na cuberta, que por razóns de seguridade, estética, funcionalidade e comodidade dos espectadores fai necesaria a súa reparación. Para iso o Concello da Coruña licitou, mediante procedemento aberto o contrato de redacción do proxecto e execución das obras correspondentes á reforma e conservación da cuberta e estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor, con suxeición ao anteproxecto técnico, no prezo de 8.238.037,68 euros, cun prazo de execución de 15 meses, e que se desagregan en: tres meses para redacción do proxecto e doce meses para a execución das obras.

Adxudícanse as obras no prezo de 7.162.270,09 euros. Producíndose o seguinte desagregamento:

	Orzamento licitación (€)	Orzamento adxudicación (€)	Economía (€)	% Baixa
Redacción proxecto	202.601,04	176.144,30	26.456,74	13,06 %
Obra	8.035.436,64	6.986.125,79	1.049.310,85	13,06 %
Totais	8.238.037,68	7.162.270,09	1.075.767,59	13,06 %

O adxudicatario reduciu o prazo de execución, sendo de 84 días naturais para a redacción do proxecto e 173 días naturais para a execución das obras, co que o prazo de execución total é de 8,5 meses, quedando concluído dentro da anualidade de 2018.

Deste orzamento, a Deputación participa coa súa achega no financiamento das obras correspondentes á reforma e conservación da cuberta e estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor, polo que, o cadro queda do seguinte xeito:

	Orzamento licitación	Orzamento adxudicación	Economía	% Baixa
Obra	8.035.436,64	6.986.125,79	1.049.310,85	13,06 %

De acordo coa táboa, e sendo a achega da Deputación de **1.000.000,00 €**, a porcentaxe de financiamento ascende ao **14,31%** da execución das obras.

A transcendencia económica das actividades deportivas que se desenvolven en Riazor implica que o estadio sexa un motor económico que produce efectos moi beneficiosos a sectores como a hostalería e establecementos hostaleiros, comercios, taxis e outros medios de transporte, axencias de viaxes, etc, o sector servizos en xeral. Así mesmo é un reclamo turístico de primeira orde da cidade que hai que coidar e potenciar para favorecer o desenvolvemento sustentable.

Neste sentido a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, formalizaron o día 24 de novembro de 2017 un protocolo de intencións.

Por iso a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

I- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña con CIF P1503000J, para o financiamento das obras correspondentes á reforma e conservación da cuberta e estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor, tal e como aparecen definidas estas no **Proxecto técnico de execución** do 11 de abril 2018 redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D.Miguel Bañares Dorado (ESTEYCO S.A) e o arquitecto D.Pablo Márquez Martínez de San Vicente (INSTRA INGENIEROS S.L).

2- O Concello da Coruña , na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente a documentación que deseguido se relaciona:

- Memoria detallada da obra que se ha realizar asinada polo alcalde- presidente do Concello da Coruña
- Orzamento detallado da obra que se ha realizar asinado polo alcalde- presidente do Concello da Coruña

- Acreditación da titularidade municipal do Estadio de Riazor mediante Informe da xefa do Departamento de Patrimonio Urbanístico do 21 de marzo de 2018 no que sinala que "... consta inscrito no Rexistro da Propiedade nº 1 da Coruña no tomo 2265, libro 2265, folio 215 como predio rexistral 94579.
- Programa detallado de traballo no que se pon de manifesto o calendario previsible, o prazo total de execución estimado e o prazo de xustificación do investimento proposto, asinado polo alcalde- presidente do Concello da Coruña
- Acreditación da disposición das licenzas ou autorizacións preceptivas: copia da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26 de marzo de 2018 pola que se autoriza a intervención solicitada.
- Informe do 11 de abril de 2018 de adecuación á normativa urbanística do Proxecto das obras correspondentes á reforma e conservación da cuberta e estrutura metálica das bancadas do estadio Riazor asinado polo arquitecto, xefe de Servizo de Edificación.
- Informe municipal de supervisión do proxecto do 11 de abril de 2018, asinado polo arquitecto municipal do Servizo de Edificación co Vº e Pr. do xefe do servizo de Edificación.
- **Informe do Servizo Provincial de Arquitectura e Mantemento do 11 de abril de 2018, de supervisión técnica e urbanística** do proxecto das obras correspondentes á reforma e conservación da estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor.
- **Ficha da obra da reforma e conservación da estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor.**
- **Acordo de adxudicación das obras correspondentes á reforma e conservación da estrutura metálica das bancadas do estadio de Riazor.**
- Informe de viabilidade orzamentaria do 10 de abril de 2018 asinado polo xefe de servizo de Deportes.
- Documento acreditativo no que se deixa constancia da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos, asinado o 10 de abril de 2018 polo alcalde- presidente do Concello da Coruña
- Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade asinado o 10 de abril de 2018 polo alcalde- presidente do Concello da Coruña
- Designación da persoa que asinará o convenio e da persoa encargada da tramitación asinado o 6 de abril de 2018 polo alcalde- presidente do Concello da Coruña
- Certificación do secretario xeral do Concello da Coruña, do 6 de abril de 2018, acreditativa de ter aprobada a Conta Xeral do último exercicio cuxo prazo de presentación estea esgotado e de tela presentada diante dos órganos de control externo.
- Declaración de que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.
- Declaración que a entidade está ao corrente dos seus deberes coa facenda pública, coa Deputación da Coruña e coa Tesourería da Seguridade Social.

- Autorización da entidade á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social no momento de recoñecer os deberes e ordenar os pagos.
- A entidade consente que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recolleitos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas de subvencións financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación Provincial da Coruña e a dirección onde o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é a Avda. Porto da Coruña n.º 2 15003 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento

Así mesmo, consta no expediente:

- Convenio do 7 de agosto de 2000 entre o cConcello da Coruña e o Real Club Deportivo de La Coruña SAD
- Informe proposta do 1 de setembro de 2000 de acordo de aprobación do convenio de 7 agosto de 2000.
- Certificación do acordo do 15 de setembro de 2000 de aprobación do convenio co Real Club Deportivo de La Coruña SAD
- Informe da Asesoría Xurídica do Concello da Coruña do 27 de xuño de 2017 de aprobación da ADDENDA do convenio entre o Concello da Coruña e o Real Club Deportivo de La Coruña SAD.
- Informe proposta do 28 de xuño de 2017 de aprobación da ADDENDA do convenio entre o Concello da Coruña e o Real Club Deportivo de La Coruña SAD
- Certificación do Acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de Xuño de 2017 polo que se aproba a ADDENDA do convenio do 7 de agosto de 2000 o Real Club Deportivo de La Coruña SAD

3- A obra está definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (de aplicación ao presente expediente de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017) e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello da Coruña, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

4- O proxecto técnico referenciado será obxecto de adecuación ás consideracións postas de manifesto no informe do Servizo Provincial de Arquitectura do 11 de abril de 2018

II- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata das obras, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, ascende a **8.035.436,64 euros**, e o de **adxudicación a 6.986.125,79 euros**.

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL.....	5.580.551,88 €
13,00 % Gastos xerais	725.471,75 €
6,00 % Beneficio industrial	334.833,11 €
Orzamento de LICITACIÓN (IVE EXCLUÍDO).....	6.640.856,74 €
Importe do IVE (21 %)	1.394.579,91 €
TOTAL.....	8.035.436,65 €

III-ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Deputación da Coruña e o Concello da Coruña colaborarán para levar a termo o cumprimento do presente convenio, e a Deputación participará no financiamento do orzamento da adxudicación das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **1.000.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe do **14,31%** respecto ao prezo de adxudicación das obras.

- O citado importe pagarase con cargo á anualidade de 2018, polo que queda o compromiso de gasto condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o devandito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
- No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula II deste convenio, a Deputación só achegará o importe que represente o 14,31 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras, **non sendo** subvencionables os gastos de **redacción** de proxectos, **tributos** devengados pola obtención de licenzas, **honorarios** por dirección das obras, **coordinación** de seguridade e saúde, **control de calidade**, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/342/76201** prevista no expediente de modificación de créditos 2/2018
- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
2. No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, polo que achegará con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. OBRIGAS E COMPROMISOS DO CONCELLO DA CORUÑA

1. Coa subscripción do presente convenio o Concello da Coruña comprométese a adscribir o ben á súa finalidade, durante o prazo de dez anos, e a:

A.) Permitir celebrar no Estadio de Riazor a **Final masculina e feminina da Copa Deputación da Coruña**, sempre que a devandita utilización sexa compatible cos compromisos derivados de competicións oficiais nos que interveña a entidade deportiva xestora da dita instalación. Para tal efecto, o ente organizador do evento deberá solicitar o dito uso coa antelación de dous meses ao Concello. O prazo para resolver a dita petición será **dun** mes. No caso de non lle notificar unha resolución expresa nese prazo, deberá entender estimada a súa solicitude. A solicitude deberá incluír para ser admitida a trámite, unha declaración responsábel de que o ente organizador do evento, asumirá os custes de apertura da instalación, nos termos legalmente previstos

B.) Poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña, **1000 entradas** para colectivos desfavorecidos ou nenos/as que estean federados como practicantes de fútbol base, para o evento deportivo municipal **“Trofeo Teresa Herrera de fútbol”**. Estas entradas sortearanas a Deputación Provincial **da Coruña** entre os 93 concellos da provincia da Coruña para os colectivos antes mencionados. Esta obriga é posible pola conformidade expresa do Real Club Deportivo de La Coruña SAD, que se incorpora como anexo.

C.) Incluír **vídeos divulgativos e informativos** da provincia da Coruña e dos seus concellos nos paneis electrónicos do estadio, de acordo co seguinte criterio, en cada partido de competición oficial:

- 1 anuncio con son, de 20 de segundos na previa do partido ou no descanso
- 8 anuncios sen son, de 8 segundos, 4 na primeira parte e 4 na segunda parte do **dito** partido

Esta obriga é posible pola conformidade expresa do Real Club Deportivo de La Coruña SAD, que se incorpora como anexo

D.) Permitir a celebración nas instalacións deportivas municipais dun campus de fútbol anual. Para unha axeitada planificación, a Deputación deberá comunicarlle ao Concello, con tres meses de antelación, as datas da súa celebración, o cal deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Non superar a duración de dúas semanas.
- Non coincidir coas tempadas ordinarias de competición federada.
- O concello decidirá, en función das súas necesidades, a instalación deportiva que se vaia ceder para celebrar o dito campus debendo

comunicalo nun prazo máximo dun mes, contado dende a recepción da comunicación provincial.

- En ningún caso se admitirá que se fagan actividades económicas na dita instalación, aproveitando a celebración do Campus.
- Non se admitirá o acceso de público, só poderán entrar na instalación os participantes e máis os monitores do devandito Campus, así como a Inspección provincial.
- A Deputación provincial asume ao seu risco e ventura a realización do Campus, así como a responsabilidade de todo tipo que se poida derivar pola antedita actividade e cos participantes, contratista, traballadores da contrata ou terceiros alleos á actividade, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial do concello que se poida derivar polo funcionamento da instalación deportiva.

E.) No caso de que no prazo de 30 anos contados dende a acta da recepción das obras, obxecto deste convenio, a xestión do inmovible dera lugar a ingresos municipais extraordinarios e vinculados a este, a Deputación participará nos ditos ingresos, na proporción que represente a achega provincial sobre o valor actual do inmovible, ata o seu importe máximo. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo Concello á Deputación nun prazo non superior a un mes dende o seu devengo.

2. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da Coruña estará obrigado a colocar un **cartel** que sexa visible, cando menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
3. Rematada a obra, deberase colocar unha **placa en lugar visible** na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na **Base 58** das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o **40%** da achega da Deputación ten carácter pre-pagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
 - a) Certificación do acordo de adxudicación e copia compulsada do documento de formalización do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - b) **Acta de comprobación de replanteo** da obra, asinada polo seu director, polo contratista e **polo funcionario técnico designado pola Deputación**.
 - c) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na base 10ª.
 - d) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - e) Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60%** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
 - a) Certificacións, **acta de recepción** e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra **poderá acudir un técnico designado pola Deputación**, quen asinará tamén a correspondente acta.
 - b) Certificación do acordo de aprobación das **certificacións de obra** e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente
 - c) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - d) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - e) Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso.
 - f) Certificación do acordo da **incorporación da modificación do ben ao inventario** de bens do Concello da Coruña, facendo constar nos correspondentes asentos, que o ben queda **afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención** cando menos durante un prazo de **dez anos e ao cumprimento** das obrigas e compromisos do concello da Coruña.
 - g) Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago pre-pagable.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. O Concello deberá acreditar ter aboado ás terceiras o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII. TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO INVESTIMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que sexan obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I deste convenio, deberán estar rematadas antes do 31 de decembro de 2018.
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do 1 de marzo de 2019.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

4. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na **Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2.015)** , lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura dos respectivos convenios, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A acreditación do cumprimento das anteditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña estes telematicamente.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impoñan os convenios de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACIÓNS E SANCIÓN

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas nos convenios que se subscriban poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seránlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

XIV-SEGUIMENTO E MODIFICACIÓN

Calquera das partes pode convocar ás outras para resolver dúbidas, conflitos ou facer interpretacións das cláusulas deste convenio. Con este obxecto constituirase unha

Comisión de Seguimento, integrada por un deputado, un concelleiro e un técnico por cada entidade, designados todos eles polos presidentes das respectivas Institucións.

A reunión da Comisión de Seguimento, convocarase cunha antelación mínima de dous días. En caso de que acorde unha modificación do contido do convenio, formularase unha addenda que, será aprobada polas partes, coas mesmas formalidades que este convenio, pasando a formar parte deste.

XV. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura, unha vez cumpridas as condicións establecidas nos acordos dos órganos competentes das Corporacións respectivas, e conservará a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2028 polo que respecta a aos compromisos do Concello indicados na cláusula V (apartados A,B,C,D,E) e ata a data que corresponda para a efectividade da cláusula V.F).

2. No caso de que a entidade beneficiaria **non poida finalizar as obras** e presentar a xustificación antes do prazo **senalado na cláusula VII**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga do prazo inicial**, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que en ningún caso poderá exceder do **1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia para a execución das obras ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após os informes do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión extraordinaria do 20 de abril de 2018.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data antes indicado.

**O Presidente
da Deputación Provincial da Coruña**

**O Alcalde - Presidente
do Concello da Coruña**

Valentín González Formoso

Xulio X. Ferreiro Baamonde"

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e seis minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.